



REGULAMENTO ELECTORAL

Para a elección a membros da Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada da Federación Galega de Espeleoloxía



Vigo, a 10 de outubro de 2014

C.I.F. G-15062193

Inscrita en nº 5 do Registro de Asociacións Deportivas da Xunta de Galicia.

E. Carro / Presidente

Artigo 1. Obxecto da normativa

En requirimento da Orde do 8 de setembro de 2010, publicada no DOG número 174 do xoves, 9 de setembro de 2010, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, polo que se establecen os criterios para a elaboración de Regulamentos e realización dos procesos electorais nas Federacións Deportivas Galegas durante o ano 2014, confeccionase a presente normativa que regula o proceso de elección dos órganos de goberno, Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada, con representatividade durante o período 2014 ata o 2018.

Artigo 2. Celebración de eleccións

A Federación Galega de Espeleoloxía procederá á elección da súa Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada no ano 2014. O calendario electoral será o indicado no anexo I. Os sobres e papeletas serán os establecidos no anexo II. Establécese como horario de apertura ao público da sede federativa o seguinte: 16:00 á 21:00 horas.

Artigo 3. Regulamento electoral provisional e definitivo

Unha vez aprobado o Regulamento electoral por parte da Asemblea Xeral da Federación Galega de Espeleoloxía será remitido á Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, que resolverá, no prazo máximo de 10 días hábiles dende a entrada do documento no seu rexistro, sobre a aprobación do mesmo ou a súa devolución para a corrección de posibles deficiencias. Transcorridos estes sen que recaia resolución algunha entenderase aprobado o Regulamento. No caso de ser necesaria a subsanación de deficiencias, indicaranse as mesmas e se concederán dez días hábiles para proceder a dita corrección.

Á Asemblea Xeral da Federación Galega de Espeleoloxía, no caso que houbera que subsanar algunha deficiencia no mesmo Regulamento electoral, autoriza á Xunta Directiva a facer os cambios necesarios, sen necesidade dun novo sometemento á aprobación da Asemblea Xeral. Unha vez feitas estas modificacións, o novo Regulamento presentarase á Secretaría Xeral para o Deporte para a súa ratificación definitiva.

O regulamento electoral publicarase na páxina web da Federación Galega de Espeleoloxía e na da Administración Autonómica.

Artigo 4. Censo electoral

1. O censo electoral (ANEXO I) incluirá aos deportistas, técnicos/adestradores, entidades deportivas inscritas na Federación e no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, que reúnan os requisitos para ser electores e elixibles, de acordo co establecido no artigo 8º do presente Regulamento. Inclúiranse os seguintes datos:
 - a. Para os/as deportistas e técnicos: nome, apelidos, número de licenza federativa, número do Documento Nacional de Identidade ou da tarxeta de residencia e domicilio a efectos de notificación. O domicilio reflectido por defecto para o estamento de deportistas será o do club ao que pertezan, ou no seu caso tamén respecto do estamento de xuíces/árbitros, o que a estes efectos indique a Federación. No período de reclamacións ao censo provisional poderase solicitar o cambio de domicilio.

- b. Para as entidades deportivas: nome, denominación ou razón social e número de inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, así como o nome e apelidos do presidente e secretario. Os datos das Entidades deportivas deberán ser plenamente coincidentes cos datos contidos no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, tendo a Federación a obriga de cotexar ditos datos. No caso de discrepancias entre os datos obrantes no rexistro da Federación e os obrantes no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, establecerase un prazo de 10 días para a súa subsanación.
2. O censo electoral provisional publicarase xunto coa convocatoria. A exposición pública do mesmo deberá facerse por un prazo mínimo de 10 días hábiles, dentro do cal se poderán presentar as reclamacións que se estimen oportunas ante a Xunta Electoral, resolvéndose por esta no prazo máximo de 5 días hábiles e considerándose o silencio da Xunta en sentido estimatorio da petición realizada. Dita exposición farase no taboleiro de anuncios da Federación Galega de Espeleoloxía.
 3. O censo será considerado definitivo se non se presenta reclamación algunha, ou cando de presentarse, sexa resolta pola Xunta Electoral ou, se é o caso, polo Comité Galego de Xustiza Deportiva. Deberán aplicarse as mesmas garantías de difusión e publicidade que as previstas no número 2 deste artigo para o censo provisional.
 4. Os datos contidos no censo electoral gozarán da protección do previsto na LO 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. En todo caso o tratamento e publicación dos datos contidos no censo terá por única finalidade garantir o exercicio polos electores do seu dereito de sufraxio, estando prohibida a súa cesión ou utilización para unha finalidade distinta a aquela.
 5. Os candidatos proclamados podrán dispor do respectivo censo de persoas que compoñen seu estamento e, no caso dos candidatos a presidencia das persoas das persoas que compoñen a Asemblea.

Artigo 5. Xunta Electoral

1. O mesmo día da convocatoria de eleccións, constituirase a Xunta Electoral.
2. A Xunta Electoral estará integrada por tres membros titulares e tres suplentes, elixidos por sorteo na Asemblea Xeral, entre as persoas que presenten a súa candidatura a membros da Xunta Electoral. As candidaturas deberanse presentar na mesma Asemblea na que se celebre a súa elección, podendo estar os candidatos presentes na mesma.

Os membros da xunta deberán reunir os requisitos seguintes:

- a) Ser maior de 18 anos.
- b) Ter o título de bacharelato superior ou equivalente.
- c) Non presentarse como candidato a membro da Asemblea Xeral.
- d) Non ter relación contractual ou profesional coa Federación Galega de Espeleoloxía.
- e) Non estar cumprindo sanción disciplinaria firme ou sanción administrativa firme en materia deportiva que conleve sanción de inhabilitación para ocupar cargos nunha organización deportiva.



B. Compañía Galega

3. No caso de non presentación de candidatos a membros da Xunta Electoral, o presidente da Federación proporalle á Asemblea os membros necesarios para completar a mesma, os cales deberán así mesmo reunir os requisitos definidos no apartado anterior.

4. Actuará como presidente e secretario da Xunta Electoral o membro de maior e menor idade, respectivamente. As decisións da Xunta Electoral tomaranse por maioría de votos. A asistencia á Xunta Electoral é obrigatoria salvo causa xustificada.

5. Funcións da Xunta Electoral:

- a) Velar polo axustamento a dereito do proceso electoral dos órganos de goberno e representación federativos.
- b) Organizar os procesos das eleccións para a Asemblea Xeral e presidente da Federación, segundo o disposto neste Regulamento electoral.
- c) Designar as mesas electorais de conformidade co previsto neste Regulamento electoral.
- d) Aprobar as candidaturas que reúnan os requisitos esixidos, así como o resto da documentación electoral.
- e) Garantir a exposición de censos, candidaturas e outros documentos según se estableza neste Regulamento electoral.
- f) Coñecer e pronunciarse sobre os recursos que se presenten.
- g) Custodiar a documentación correspondente a todo o proceso electoral, excepto o que non lle corresponda do procedemento do voto por correo, ata a súa finalización.
- h) En xeral, cantas facultades lle sexan atribuídas por este Regulamento electoral.

Artigo 6. Mesa electoral: composición e competencias

1. En cada circunscrición electoral constituirase unha única mesa electoral para a elección dos membros da Asemblea no día fixado. O horario de apertura da mesa será o seguinte: 16:00 á 21:00 horas. Ubicaranse no seguinte lugar: Casa do Deporte, rua Fotógrafo Luis Ksado nº 17, ofc. nº 15 36209 Vigo.

A mesa electoral estará composta por tres membros titulares (un presidente, un secretario e un vogal) e tres suplentes destes, elixidos por sorteo pola Xunta Electoral entre os integrantes do censo definitivo. Serán presidente e secretario os membros de maior e menor idade respectivamente. A asistencia á mesa electoral é obrigatoria salvo causa xustificada que deberá ser autorizada pola Xunta Electoral.

Así mesmo, para a mesa electoral, os candidatos poden nomear interventores, entre quen desempeñe a condición de elector, que serán identificados ante a Xunta Electoral con antelación non inferior a 24 horas do día de celebración das respectivas votacións. A Xunta Electoral expedirá a correspondente acreditación.

Os interventores poderán participar nas deliberacións da mesa, con voz pero sen voto, así como solicitar á mesma certificacións e formular ante ela protestas, todo iso sen prexuízo da lexitimación que lles corresponde conforme aos artigos 18 e 19 deste Regulamento.

2. A efectos de remisión do voto por correo, establécese como mesa para a recepción deste voto a da mesma



Inscrita co nº 1000 no Registro de Asociacións Deportivas da Xunta de Galicia

C.I.F. G-15062193

3. Son competencias da mesa electoral:
 - Comprobar a identidade dos votantes.
 - Recoller a papeleta de voto e depositala na urna pechada e preparada aos efectos.
 - Proceder á contaxe de votos.
 - Levantar acta dos votos emitidos, resultados, e calesquera outras incidencias, así como das incidencias e reclamacións se as houber, facendo constar o número de votos obtidos por cada candidato.
4. A acta será subscrita por todos os membros da mesa electoral, así como polos interventores, se os houber, remitíndose posteriormente á Xunta Electoral, que deberá garantir a súa exposición pública mediante a publicación no taboleiro de anuncios e na páxina web www.espeleoloxia.org
5. Cando proceda a elección de presidente constituirase a mesa electoral con dous membros que serán respectivamente o de maior e menor idade da Asemblea. O primeiro actuará como presidente e o segundo como secretario. Así mesmo, e ata que conclúa a elección de presidente, exercerán funcións de presidente e secretario da Asemblea.
6. Os gastos de desprazamento dos membros das mesas electorais serán sufragados pola Federación Galega de Espeleoloxía a razón de 0,10 euros por kilómetro percorrido en vehículo propio, máis os gastos de peaxe de autoestrada e aparcamento sempre que se xustifiquen, ou o importe xustificado do medio de transporte público utilizado. Non se sufragarán gastos de estancia e manutención.

Artigo 7. Convocatoria de eleccións

1. A convocatoria das eleccións será feita polo Presidente da Federación Galega de Espeleoloxía o día 3 de NOVEMBRO do 2014, conforme a este Regulamento electoral, aprobado pola Secretaría Xeral para o Deporte.
2. Simultaneamente á convocatoria de eleccións, a Xunta Directiva disolverase, contituíndose en comisión xestora que non poderá realizar mais que actos de mera administración e trámite.
3. A convocatoria de eleccións publicarase no taboleiro de anuncios da sede da Federación e nas delegacións, así como na páxina web www.espeleoloxia.org. A notificación da convocatoria de eleccións conterá cantos datos se precisen para o correcto desenvolvemento do proceso electoral, e sinaladamente:
 - a) Regulamento electoral.
 - b) Calendario electoral con indicación do lugar, data e hora de celebración dos actos propios do proceso electoral.
 - c) Lugar de consulta dos censos electorais.
 - d) Modelos oficiais de sobres e papeletas.
 - e) Composición e sede da Xunta Electoral da Federación.
4. Cun prazo de antelación mínimo de cinco días hábiles dende a data da convocatoria, esta haberá de ser notificada, a través de medio que permita asegurar a súa recepción, cando menos, ás entidades deportivas integrantes desta Federación e á Secretaría Xeral para o Deporte.



Artigo 8. Electores e elixibles

1. Poderán ser electores e elixibles:

- a) No caso dos estamentos constituídos por persoas físicas (deportistas, adestradores e árbitros/xuíces) os que reúnan os seguintes requisitos:
- Ser maior de idade á data da convocatoria das eleccións.
 - Ter licenza federativa en vigor e tido na tempada deportiva anterior á da data de convocatoria de eleccións.
 - Ter participado nun mínimo de unha competición oficial na tempada deportiva anterior.

b) No caso do estamento de Entidades deportivas: aqueles Entidades deportivas, que estean inscritos, no ano da convocatoria das eleccións, na Federación e no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia e teñan participado en competicións deportivas. A estes efectos e, con carácter mínimo, deberán de ter participado en catro competicións ou actividades entre o ano de convocatoria das eleccións e os dous anos inmediatamente anteriores a aquel, e necesariamente unha delas no ano da convocatoria das eleccións. Non será elixibles aqueles Entidades deportivas que formen parte da Asemblea na súa condición de membros natos.

2. Aos efectos deste artigo entenderase como competición deportiva, aquela que estivera reflectida nos correspondentes calendarios oficiais aprobados pola Asemblea Xeral.

3. Os membros da Federación que pertencen a dous ou mais estamentos no censo provisional, deberán optar por un deles, mediante escrito ante a Xunta Electoral que deberá cursarse no período de reclamacións ao censo. Os criterios para identificar os electores nun único estamento, no caso de non existir a proposta individual, prevalecerá o estamento de técnicos sobre o de deportistas

Artigo 9. Composición da Asemblea Xeral

1. O número de membros da Asemblea Xeral será de **18**, en aplicación do artigo 10, do presente Regulamento electoral. O presidente da Federación desempeñará a presidencia da Asemblea Xeral.

2. Os seus membros serán elixidos cada catro anos mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto, salvo a singularidade prevista para o estamento de Entidades deportivas, por e entre os compoñentes de cada estamento de conformidade co número e proporcións de representación que se establecen no presente Regulamento.

3. Na Asemblea Xeral deberán estar representados todos os estamentos recoñecidos nos estatutos e integrados na Federación e, cando menos, as Entidades deportivas, os deportistas, os adestradores e os árbitros/xuíces.

4. No estamento de Entidades deportivas haberá membros natos e membros electos.

5. A representación das Entidades deportivas corresponde ao seu presidente ou persoa que conforme estatutos lle corresponda. Esta representación acreditarase fidelmente mediante certificación da inscrición do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia na que figure expresamente os representantes legais da entidade.

6. Non cabe representación das persoas físicas.
7. Ningún membro da Asemblea poderá desempeñar unha dobre representación nesta.
8. A Federación Galega de **Espeleoloxía** axustarase, no posible, nas súas actuacións ás recomendacións feitas pola Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes (DOG nº 149, do 3 de agosto).

Artigo 10. Proporcionalidade na composición da Asemblea Xeral

1. A porcentaxe de cada estamento é:
 - a) Representantes de Entidades deportivas: 73 %
 - b) Representantes de deportistas: 22 %
 - c) Representantes de técnicos: 5 %
2. A representación mínima do estamento de Entidades deportivas na Asemblea Xeral da Federación Galega de Espeleoloxía deberá ser **do 50% do censo definitivo de Entidades deportivas**, incluíndo os membros natos.
En calquera caso todos as Entidades deportivas deberán necesariamente cumprir os requisitos que para eles se establece no artigo 8 desta Regulamento.
3. As porcentaxes xerais atribuídas a cada estamento son distribuídas, entre as delegacións provinciais, da seguinte maneira:

	TOTAL	Postos a elixir na Asemblea
Entidades deportivas	18	13 Deste 13 representantes das entidades deportivas, 4 son membros natos, e 9 son membros a elixir
Deportistas	153	4
Técnicos	27	1

4. Cando o número de candidatos de calquera estamento coincida ou sexa inferior ao número de membros que hai que elixir non será necesaria a celebración de eleccións polo que a ese estamento se refire, dando continuidade ao procedemento electoral.
No entanto, no caso de que nalgún estamento da Asemblea houbera máis dun 20% de vacantes, unha vez terminado o proceso electoral e no prazo máximo de 3 meses, o presidente procederá á convocatoria parcial de eleccións para cubrir as vacantes, sen que esta nova convocatoria parcial afecte aos xa elixidos.

Artigo 11. Membros natos da Asemblea Xeral polo estamento de Entidades deportivas

Conforme o establecido na Orde do 8 de setembro de 2010, establécese como baremo para a designación dos membros natos da Asemblea Xeral o seguinte:

Mayor nº de licenzas : 2 representantes
Mayor nº de actividades: 2 Representantes

Conforme o anterior baremo, son membros natos da Asemblea os seguintes Entidades deportivas:



2. O exercicio do voto por correo haberá de ser solicitado polo interesado á Xunta Electoral, dende a data da convocatoria das eleccións ata 2 días hábiles despois da publicación do censo definitivo. Esta solicitude deberá facerse persoalmente, mediante correo certificado, burofax, ou por calquera outro medio validamente admitido en dereito que deixe constancia da solicitude.

3. Recibida pola Xunta Electoral a solicitude referida no punto anterior, comprobará a inscrición no censo definitivo do solicitante, realizando no caso de estar inscrito a anotación correspondente no censo e extendendo un certificado de autorización do voto por correo.

O certificado ao que se refire o parágrafo anterior deberá reflectir o nome do elector, o estamento polo que se solicita o exercicio do voto, así como un espazo en branco que deberá ser asinado polo elector previamente ao envío do voto á Secretaría Xeral para o Deporte.

A Xunta Electoral deberá remitir este certificado dentro dos 2 días hábiles seguintes á proclamación definitiva dos candidatos, remitíndollo aos solicitantes por correo certificado urgente e con acuse de recibo á dirección postal sinalada polo interesado na súa solicitude. Igualmente enviaráselle unha papeleta de votación en branco e o sobre de votación oficiais, xunto coa relación definitiva de todas as candidaturas presentadas ordenadas alfabeticamente.

O listado de persoas autorizadas para o exercicio do voto por correo deberase remitir á Secretaría Xeral para o Deporte, publicándose asemade na páxina web www.espeleoloxia.org

4. O elector introducirá a papeleta de voto no sobre da votación e pecharao. Incluirá este sobre de votación, xunto ao certificado emitido pola Xunta Electoral no que se autoriza o voto por correo, asinado polo emisor do voto e a copia do DNI, nun sobre de maior tamaño que os anteriores que remitirá á Secretaría Xeral para o Deporte para a súa custodia, por correo certificado urgente, consignándose no anverso e reverso do mesmo os seguintes datos:

Anverso:

Secretaría Xeral para o Deporte
Estadio Multiusos de San Lázaro, porta 4
15781 Santiago de Compostela (A Coruña)
Eleccións á Asemblea Xeral da Federación Galega de Espeleoloxía

Reverso:

Nome e apelidos do remitente
Estamento de deportistas ou técnicos (segundo sexa o caso)
Modalidade ou especialidade de Espeleoloxía



Á Xunta Electoral

5. A presentación dos votos nas Oficinas de Correos deberá realizarse con 6 días hábiles de antelación á data de celebración das eleccións, mediante envío por correo certificado urgente, e non serán admitidos os sobres depositados con data posterior. A Secretaría Xeral para o Deporte custodiará os votos emitidos, que serán postos a disposición da mesa electoral o día da votación, xunto cunha relación nominal dos mesmos, a fin de que, con posterioridade ao peche da votación presencial os membros da Mesa electoral poidan abrílos e, tras comprobar a súa regularidade, depositar cada voto na urna correspondente para incorporalo ao escrutinio.

6. Prevalecerá o voto persoal sobre o voto emitido por correo no caso de concorrencia de ambos.

Artigo 15. Presentación de candidaturas a presidente

1. No prazo de 2 días dende a proclamación definitiva de membros da Asemblea Xeral, poderá presentar candidatura a presidente da Federación calquera persoa física, que teña a condición política de galego, maior de idade, en pleno uso dos seus dereitos civís, que non incorrese en ningunha sanción deportiva que o inhabilite e que non estea inhabilitado para o desempeño dun cargo público por sentenza xudicial firme. A persoa que resulte elixida como presidente terá que cesar en todo tipo de actividades técnicas e directivas no deporte específico e no ámbito territorial da Federación galega correspondente.

Se algún membro da comisión xestora presentase a súa candidatura á presidencia, deberá cesar naquela.

O presidente saínte da Federación será membro da nova Asemblea Xeral. Esta condición perderase nos casos de non presentar candidatura á presidencia ou, de téndoa presentado, non resultara elixido.

2. A presentación de candidaturas farase na sede oficial da Federación, mediante escrito dirixido á Xunta Electoral.

3. Finalizado o prazo de presentación de candidaturas, a Xunta Electoral exporá a listaxe provisional de candidatos a presidente no taboleiro de anuncios da Federación así como na súa páxina web www.espeleoloxia.org. Pódense presentar impugnacións a esta no prazo de 2 días hábiles. As impugnacións serán resoltas pola Xunta Electoral no prazo de 2 días hábiles.

A Xunta Electoral publicará no día seguinte hábil, seguindo os medios reflectidos no punto anterior, a lista definitiva de candidatos á Presidencia.

Artigo 16. Elección do presidente

1. No día e hora fixados na convocatoria correspondente, constituirase a Asemblea Xeral en primeira ou segunda convocatoria tendo como únicos puntos da orde do día a elección a Presidente e a membros da Comisión delegada. O presidente da Federación será elixido mediante sufraxio libre, directo, igual e secreto polos membros da Asemblea Xeral presentes no momento da elección.



6.10.2010
del B.O.D.

2. Na votación á elección de presidente non se admitirá o voto por correo nin a delegación de voto. A representación das Entidades deportivas realizarase conforme o establecido no artigo 9 parágrafo quinto, non admitíndose que unha persoa ostente a representación de mais dunha Entidade deportiva.

3. Comezada a sesión e constituída a mesa electoral, o presidente presentará os candidatos, iniciando, de seguido, o proceso de votación.

4. Os candidatos exporán os seus programas, procedéndose posteriormente á votación en urna para a elección do presidente, que será secreta.

5. A Xunta Electoral determinará o modelo de papeleta. Cada membro da Asemblea só poderá votar a un candidato.

6. O proceso de votación está formado por un máximo de tres votacións.

a. Na primeira votación son elixibles todos os candidatos da listaxe definitiva. Aqueles que obteñan un mínimo do 10% dos votos dos membros presentes, pasarán á seguinte votación. No suposto en que ningún candidato acade o 10% dos votos, pasarán á seguinte votación aqueles dous candidatos que contén cun maior número de votos. No suposto en que soamente sexa un candidato o que obteña o 10% dos votos, pasará tamén á seguinte votación o seguinte candidato en número de votos. De acadarse por algún candidato a maioría absoluta dos votos, nesa primeira votación, será proclamado Presidente.

b. Na segunda votación soamente serán elixibles aqueles que, como xa está exposto e coas excepcións contempladas, obtiveran alomenos o 10% dos votos dos membros presentes. Será elixido presidente o candidato que nesta fase obteña a maioría absoluta dos votos.

c. No caso de que na votación anterior ningún candidato obteña a maioría absoluta, procederase a unha nova votación entre os dous máis votados, no prazo de 30 minutos resultando elixido o que obteña maioría de votos.

7. Terminada cada unha das votacións realizadas, a mesa electoral procederá á contaxe de votos e levantará a oportuna acta.

8. No caso de existir soamente dous candidatos, resultará elixido o que obteña a maioría simple dos votos. No caso de empate este resolverase mediante sorteo.

9. No caso de que se presentase un só candidato, non se efectuará votación.

10. Se non se presentase ningunha candidatura ou non fose válida ningunha das presentadas, a comisión xestora administrará a Federación e convocará e realizará novas eleccións a presidente no prazo máximo de 3 meses.

11. Rematada a elección, a acta do resultado desta será remitida á Xunta Electoral. Transcorridos os prazos de presentación de posibles recursos e resoltos estes, a Xunta Electoral proclamará presidente ao candidato máis votado e comunicará os resultados á Secretaría Xeral para o Deporte no prazo máximo de 10 días.

Regulamento electoral da Federación Galega de Espeleoloxía



12. Unha vez proclamado definitivamente o novo presidente, a comisión xestora deberá poñer a disposición deste no prazo máximo de 5 días hábiles, contados dende a proclamación definitiva, toda a documentación relativa á Federación, levantando acta da documentación entregada e remitíndolle copia desta á Secretaría Xeral para o Deporte.

13. Tras a súa proclamación o presidente designará os demais órganos e comités de acordo cos estatutos da Federación, debendo comunicarlle a súa composición á Secretaría Xeral para o Deporte no prazo máximo de 10 días hábiles, dende o seu nomeamento.

Artigo 17. Elección de membros da Comisión Delegada

A comisión delegada será elixida entre e pola Asemblea Xeral mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto entre os seus membros. O seu mandato coincidirá co da Asemblea Xeral. Será presidida polo presidente da Federación como membro nato desta.

O número de membros da comisión delegada será 5 (1 presidente, 2 clubs, 1 deportista e 1 técnico). O procedemento para a súa elección será o seguinte:

Os membros da Comisión Delegada serán elixidos mediante sufraxio libre, directo, igual e secreto poe e entre membros dos distintos estamentos da Asemblea Xeral presentes no momento da elección.

As candidaturas presentaranse por escrito na sede oficial da Federación, mediante escrito dirixido á Xunta Electoral ata unha hora antes da fixada para o comenzo da sesión.

Si o número de candidatos non excedese ao número de postos a cubrir, serán proclamados automaticamente sen necesidade de votación.

Artigo 18. Recurso ante a Xunta Electoral

O coñecemento de tódolos recursos que se poidan formular na materia electoral corresponde á Xunta Electoral, sendo tódalas súas resolucións recorribles ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva. Están lexitimados para interpoñer recursos os representantes das candidaturas ou as persoas e entidades debidamente afectadas polos acordos da Xunta Electoral.

Os recursos ante a Xunta Electoral serán presentados, personalmente ou por calquera medio que acredite fehacientemente en dereito a presentación do escrito (burofax, correo certificado, telegrama...), na sede central federativa mediante escrito dirixido ao presidente da Xunta Electoral.

Os prazos para a presentación destes recursos, así como os de resolución da Xunta Electoral serán de 2 días hábiles, salvo nos casos nos que no presente Regulamento ou na Orde do 8 de setembro de 2010 se establezan outros distintos.

A Xunta Electoral disporá de dous días hábiles para resolvelas.



S. Combal Buro D

Artigo 19. Recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva

1. Contra os acordos e resolucións das xuntas electorais procederá recurso electoral ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, poñendo fin, as resolucións deste, á vía administrativa.

Están lexitimados para interpoñer este recurso os representantes das candidaturas ou as persoas ou entidades debidamente afectadas polos acordos da Xunta Electoral.

2. Os prazos para formalizaren estes recursos serán de 3 días hábiles dende o seguinte ao da notificación do acordo expreso da correspondente Xunta Electoral ou do seguinte a aquel en que rematou o prazo de resolución de reclamacións segundo o calendario electoral.

3. O escrito de interposición do recurso deberá expresar:

- a) Nome, DNI e domicilio da persoa física ou denominación e enderezo social dos entes asociativos interesados, incluíndo neste último caso o nome do seu representante legal.
- b) Se é o caso, o nome, DNI e enderezo do representante do interesado, podendo acreditar a súa representación, ademais de polos medios legais procedentes, a través de comparecencia ante a Secretaría do Comité Galego de Xustiza Deportiva.
- c) Lexitimación para interpoñer o recurso
- d) O acto que se recorre e a razón da súa impugnación.
- e) As consideracións de feito e de dereito nas que baseen as súas pretensións, así como as propostas de proba que ofrezan en relación con aquelas.
- f) As pretensións que deduzan de tales consideracións.
- g) Lugar, data e sinatura.

Anexo I. Calendario electoral (en documento aparte)

Anexo II. Modelo de sobres e papeletas (aparte)



Francisco Manuel Martínez García
Presidente



FEDERACIÓN
GALEGA DE
ESPELEOLOXÍA

Eduardo Canabal Barreiro
Secretario

E. Canabal Barreiro



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte
Comité Galego de Xustiza Deportiva

FEDERACIÓN GALEGA DE ESPELEOLOXÍA

Estado: Multimedios de Santiago de Compostela
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno: 981 967 609 Fax: 981 542 638
E-mail: secretaria.deporte@xunta.es

ENTRADA	27-10-2014	Nº:	99
SAÍDA			

galicia

Para o seu coñecemento notificaselle o contido da resolución ditada polo Secretario Xeral para o Deporte:

RESOLUCIÓN DO 24 DE OUTUBRO DE 2014, DA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE, POLA QUE SE APROBA O REGULAMENTO ELECTORAL DA FEDERACIÓN GALEGA DE ESPELEOLOXÍA.

Con data 20 de outubro de 2014 tivo entrada na Secretaría Xeral para o Deporte o Regulamento electoral aprobado en Asemblea Xeral Extraordinaria da Federación Galega de Espeleoloxía o 10 de outubro de 2014, para a súa aprobación de conformidade co disposto polo artigo 3.1 da Orde do 8 de setembro de 2010 pola que se establecen os criterios para a elaboración de regulamentos e a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas.

Unha vez analizado o devandito regulamento e vista a súa adecuación á Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia e á Orde do 8 de setembro de 2010, pola que se establecen os criterios para a elaboración de regulamentos e a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas.

RESOLVO: Ratificar conforme a dereito e aprobar o Regulamento electoral da Federación Galega de Espeleoloxía.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o órgano que a ditou no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, en virtude do establecido nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar igualmente dende o día seguinte ao da notificación da presente Resolución, en virtude do disposto polo artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Notifíquese a resolución ao interesado en cumprimento dos artigos 58 e 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2014.
O Secretario Xeral para o Deporte. José Ramón Lete Lasa

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2014.

A Subdirectora xeral de Xestión Deportiva

María Teresa Lorenzo Lemos.

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REGISTRO DA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 24/10/2014 09:27:10

SAÍDA 1313 / RX 986788



PRESIDENTE DA FEDERACIÓN GALEGA DE ESPELEOLOXÍA

R/ Fotógrafo Luis Kasado, 17 of 15. 36209 Vigo (Pontevedra)